XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Plan de Acreditación da experiencia profesional

# Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

| Unidade de competencia. | Código. | Nivel. |
|---|---|---|
| Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios comerciais, de oficinas e dunha industria ou de varias | UC0821_2 | 2 |

## Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

| Cualificación profesional. | Código. | Nivel. |
|---|---|---|
| Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión | ELE257_2 | 2 |
| **Título de formación profesional.** | **Código.** | **Nivel.** |
| Instalacións eléctricas e automáticas | MELE01 | Grao medio |

## Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.
Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

---

, de de 201

A persoa candidata | O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI | Sinatura: nome, apelidos e DNI

## Instrucións para cubrir o cuestionario.

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS).
Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:

1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

| **APP1** | **Preparar e trazar a montaxe da instalación de enlace e instalación de distribución en edificios comerciais, de oficinas e de unha ou varias industrias.** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS1.1 | Preparar a montaxe da instalación, secuenciando o proceso a partir dos planos, especificacións e instrucións recibidas. | | | | |
| APS1.2 | Verificar a vixencia do certificado de calibraxe dos equipamentos e das ferramentas requiridas. | | | | |
| APS1.3 | Dotarse do material e das ferramentas segundo a planificación elaborada, e prever a súa distribución en obra. | | | | |
| APS1.4 | Dotarse do material segundo proxecto. | | | | |
| APS1.5 | Redistribuír o material segundo o plan de montaxe. | | | | |
| APS1.6 | Trazar a instalación de enlace e instalación de distribución segundo o proxecto e o REBT. | | | | |

| **APP2** | **Montar e conectar os equipamentos e elementos da instalación de enlace e rede de terra, segundo a documentación do proxecto, e seguindo a normativa.** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS2.1 | Situar as canalizacións e instalacións de enlace segundo o proxecto, o REBT e o código técnico de edificación. | | | | |
| APS2.2 | Montar as canalizacións cumprindo especificacións da documentación e da normativa. | | | | |
| APS2.3 | Aloxar os condutores nas canalizacións sen deterioralos. | | | | |
| APS2.4 | Instalar a rede de terra seguindo o procedemento indicado na documentación técnica ou proxecto, comprobando a medida conforme o REBT. | | | | |
| APS2.5 | Conectar a rede de terra seguindo o procedemento indicado na documentación técnica ou proxecto. | | | | |
| APS2.6 | Conectar os condutores asegurando a fiabilidade da conexión de forma estética, evitando cruzamentos e marcando os circuítos. | | | | |

| **APP3** | **Montar e conectar os elementos de instalacións de distribución de enerxía eléctrica en edificios comerciais, oficinas e industrias, segundo a documentación do proxecto e seguindo a normativa.** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS3.1 | Trazar a instalación axustándose aos planos e ás especificacións do proxecto e ás prescricións do REBT e o código técnico de edificación:<br>- Canalizacións, cadros ou armarios de distribución e protección e do resto de elementos da instalación (puntos de luz, tomas de corrente, caixas de protección e mecanismos, etc.).<br>- Elementos de control de acendido dos puntos de luz.<br>- Receptores fixos.<br>- Luminarias de emerxencia e, de ser o caso, de sinalización. | | | | |
| APS3.2 | Montar as canalizacións utilizando as técnicas de unión e suxeición adecuadas ao tipo e ás dimensións do material, segundo as características do local e a normativa. | | | | |
| APS3.3 | Aloxar os condutores nas canalizacións sen deterioralos. | | | | |
| APS3.4 | Identificar os circuítos conforme o proxecto e o REBT. | | | | |
| APS3.5 | Empalmar os condutores de forma fiable, estética, evitando cruzamentos, respectando cores e seccións e usando materiais adecuados e regulamentarios, e marcando os circuítos. | | | | |
| APS3.6 | Conectar os mecanismos de forma fiable, estética, evitando cruzamentos, respectando cores e seccións, e usando materiais adecuados e regulamentarios. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **APP4** | **Montar e conectar os elementos de protección e distribución en envolventes, segundo a documentación do proxecto, e seguindo a normativa.** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| APS4.1 | Mecanizar armarios e cadros de acordo cos esbozos e planos, coa calidade prevista. | | | | |
| APS4.2 | Suxeitar armarios e cadros de acordo cos esbozos e planos, coa calidade prevista. | | | | |
| APS4.3 | Montar os elementos de protección e distribución segundo documentación técnica e esbozos de montaxe. | | | | |
| APS4.4 | Cablear condutores do cadro segundo esquemas, de forma estética e sen cruzamentos, respectando sección e cor, agrupándoos e fixándoos coa técnica adecuada, e identificándoos segundo documentación ou criterios acordados. | | | | |
| APS4.5 | Conectar os condutores mediante terminais aos elementos do cadro. | | | | |
| APS4.6 | Comprobar o illamento do cadro, a súa estanquidade, o aperto das conexións e o correcto reparto de fases. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **APP5** | **Efectuar o mantemento preventivo e correctivo en instalacións de edificios comerciais, oficinas e industrias, segundo a documentación do proxecto e seguindo a normativa.** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| APS5.1 | Localizar a avaría comprobando o funcionamento, medindo parámetros eléctricos e identificando o tipo e a causa da avaría. | | | | |
| APS5.2 | Substituír o elemento deteriorado con desmontaxe e montaxe adecuadas, logo da comprobación da ausencia de tensión. | | | | |
| APS5.3 | Reconstruír a instalación con desmontaxe e montaxe adecuadas. | | | | |
| APS5.4 | Restablecer o funcionamento medindo valores regulamentarios tales como continuidade dos condutores de protección, resistencia de terra, resistencia de illamento, tempo de resposta e sensibilidade dos diferenciais; secuencia de fases e correntes de fuga. | | | | |
| APS5.5 | Cumprir o programa de mantemento segundo o plan establecido (reposición de lámpadas coa frecuencia de substitución, limpeza de luminarias coa metodoloxía prevista e revisión de sistemas de control e regulación utilizados, etc.). | | | | |
| APS5.6 | Comprobar o estado da instalación de enlace e instalación de distribución en canto ao material instalado, accesibilidade das partes, conexión, identificación de elementos, cumprimento dos graos de protección, existencia do manual de uso, existencia e calibraxe dos dispositivos de seccionamento, mando e protección, e a adecuación da intensidade destes con respecto á sección do cable que cumpra protexer; seccións dos cables e medidas contra contactos directos. | | | | |
| APS5.7 | Verificar medidas regulamentarias tales como continuidade dos condutores de protección, resistencia de posta a terra, resistencia de illamento dos condutores, tempo de resposta e sensibilidade dos diferenciais, secuencia de fases; resistencia de bucle e cruzamentos con outras subministracións. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **APP6** | **Elaborar a documentación técnica e administrativa das instalacións eléctricas compilando os datos, a información e a normativa aplicable, elixindo as luminarias, e os elementos de protección e distribución apropiados.** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| APS6.1 | Reunir información necesaria para elaborar a documentación ante o órgano competente obtendo normativa, instancias e permisos. | | | | |
| APS6.2 | Seleccionar a información necesaria para elaborar a documentación consultando no REBT, a ITC de aplicación e o código técnico de edificación. | | | | |
| APS6.3 | Resolver a colocación da CGP e dos contadores, o sistema de instalación de canalizacións, cadros ou armarios, condutores, puntos de luz e posta a terra na documentación de montaxe, segundo características do local e prescricións do REBT. | | | | |
| APS6.4 | Elixir a luminaria seleccionando a potencia, tipo de fonte de luz da luminaria conforma a actividade do local, calculando o valor de eficiencia enerxética da instalación en cada zona sen provocar zonas de sombra nin cegamentos e á altura idónea de acordo coa zona e as características do posto de traballo. | | | | |
| APS6.5 | Elixir os elementos de protección e distribución segundo o proxecto, sección de condutores e potencia demandada. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **APP7** | **Elaborar o orzamento, a documentación técnica e administrativa, a relativa á montaxe e ao mantemento das instalacións eléctricas de locais, oficinas e pequenas industrias.** | 1 | 2 | 3 | 4 |

| | | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **APP7** | **Elaborar o orzamento, a documentación técnica e administrativa, a relativa á montaxe e ao mantemento das instalacións eléctricas de locais, oficinas e pequenas industrias.** | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| | APS7.1 | Confeccionar o informe de montaxe concretando os medios técnicos, materiais e de seguridade usados, os tempos empregados para a execución da instalación e o grao de cumprimento do plan de montaxe. | | | | |
| | APS7.2 | Elaborar os esbozos recollendo a distribución de elementos e o seu mecanizado nas envolventes, e optimizando o espazo. | | | | |
| | APS7.3 | Confeccionar a documentación de deseño requirida (certificado da instalación, memoria técnica de deseño, planos, manual de uso e prevención de riscos) facendo constar a previsión de cargas, instalación de enlace, instalación de posta a terra e instalación interior, e tendo en conta as necesidades do local, criterios do REBT e o código técnico de edificación. | | | | |
| | APS7.4 | Elaborar os esbozos e planos recollendo a solución adoptada para construír a instalación. | | | | |
| | APS7.5 | Realizar documentación recollendo cálculos, listas de materiais e unidades de obra, agregando o informe de reparación de avarías cos datos para realizar a factura e actualización de históricos, seguindo o procedemento adecuado e a representación normalizada. | | | | |
| | APS7.6 | Elaborar no plan de montaxe os medios técnicos, materiais e de seguridade, e o tempo previsto. | | | | |
| | APS7.7 | Especificar as características requiridas na documentación, cubrindo os datos fixados pola normativa do REBT. | | | | |
| | APS7.8 | Orzar a avaría e o custo da reparación, e recollelo no orzamento con precisión. | | | | |
| | APS7.9 | Realizar orzamento da instalación logo de acordo co cliente. | | | | |